

A OUTRA CARA DA REALIDADE: A METAFÍSICA POÉTICA DE ÁLVARO CUNQUEIRO

MARCELINO AGÍS VILLAVERDE

Do escritor Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981) existen bastantes estudos especializados, tanto biográficos, como sobre súa obra poética, teatral, xornalística e mesmo sobre a súa peripecia política. Foi un dos grandes escritores en galego e castelán e un xornalista que colaborou nos anos corenta, durante a súa etapa madrileña, co xornal *ABC*; e que, xa en Galicia escribiría no xornal compostelán *La Noche*, en *El Progreso*, *La Voz de Galicia*, e sobre todo, no *Faro de Vigo*, xornal co que comezou a colaborar nos anos cincuenta, ocupando os cargos de redactor a partir de 1961, subdirector de 1964 a 1965, e director de 1965 a 1970. O catedrático e erudito galego Isidoro Millán González-Pardo, conde de Quirós, calculou nuns 25 mil artigos a produción xornalística de Cunqueiro en diversos xornais, o que daría para formar case medio cento de grosos volumes¹.

Dez anos despois do seu pasamento a Real Academia Galega acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas 1991, co que aumentou a bibliografía sobre Cunqueiro e difundíuse amplamente a súa obra en Centros educativos de ensino primario e secundario. A Universidade de Santiago de Compostela nomeouno Doutor Honoris Causa a proposta da súa Facultade de Filoloxía, título que recibiu o 28 de xaneiro de 1980, actuando de padriño o profesor Ricardo Carballo Calero, historiador da literatura galega e ilustre catedrático compostelán. En Madrid foi obxecto dunha exposición no Círculo de Bellas Artes, sendo daquela director o poeta galego César Antonio Molina, que estivo aberta desde o 22 de abril ao 1 de xuño de 2003, patrocinada pola Deputación de Pontevedra, institución que publicou ademais un espléndido catálogo². Menciono tan só algúns dos fitos que falan da atención que mereceu a figura e a obra de Álvaro Cunqueiro.

Hai moitos menos estudos, porén, sobre a súa obra ensaística e a súa filosofía, transmitida case sempre literariamente, a través de personaxes que facían as veces

¹ Millán González-Pardo, I. *Lembranza e comento de Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, 1994, p. 88.

² García Canido, X. L. (comisario): *Álvaro Cunqueiro (1911-1981)*, Exposición no Círculo de Bellas Artes de Madrid, Vigo: Servicio de Publicacións da Deputación de Pontevedra, Vigo 2003.



de voceiros – ou *alter ego* – da súa concepción metafísica da realidade e visión do mundo e do home. Plenamente convencido de que a miúdo a filosofía máis orixinal viaxa no interior das obras literarias, non dubidei en incorporar a don Álvaro Cunqueiro a miña *Crónica viva do Pensamento Galego*, primeira historia da filosofía galega escrita con espírito divulgativo e publicada no ano 2001 polo Instituto Galego de Estudos Comunitarios e reeditada no ano 2020 na Fundación Isla Couto. Cunqueiro figuraba no oitavo apartado do libro que titulei “Pensamento e ficción”. Dividín a súa achega filosófica en dous capítulos: “Álvaro Cunqueiro: a cara oculta da realidade” e “O incerto Señor Cunqueiro”, rótulo que remedaba o título da súa peza teatral de fondo contido metafísico: *O incerto Señor don Hamlet*³.

Outros estudos salientables desde a perspectiva filosófica son os publicados por Carlos Balañas e Ángel González. O profesor Balañas publica o artigo titulado “Un home que se parecía a Álvaro Cunqueiro”, orixinalmente na Revista *Coordenadas* no 1981, que logo reedita como capítulo no seu libro *Galicia de papel*⁴. Aínda que, sen dúbida, o autor que lle ten dedicado máis páxinas a Álvaro Cunqueiro desde a perspectiva filosófica e o colega e amigo Ángel González Fernández. De todos as súas achegas quero salientar pola súa importancia a monografía titulada *Hamlet e a realidade cunqueiriana*⁵.

PENSAMENTO E FICCIÓN

O debate que suscita a incorporación dun autor que elixe como vía de expresión a literatura ou o artigo xornalístico, como é o caso de Cunqueiro, suscita unha cuestión metodolóxica previa: a saber de poden considerarse filosóficas as súas achegas e, xa que logo, se é lexítimo que formen parte dunha historia da filosofía nacional ou universal. Un breve repaso a historia da filosofía española e galega permítenos comprobar que unha parte importante dos autores integrados nelas non son propiamente filósofos, isto é, non elixiron o ensaio ou o tratado filosófico como xénero literario preferente senón que empregaron a literatura ou a prensa para comunicar as súas ideas. Este ben puidera ser o concepto clave para explicar o feito diferencial de boa parte da nosa tradición filosófica: a elaboración de ideas máis ca de conceptos filosóficos que se teñen como vía de expresión unha ampla variedade de xéneros literarios (novela, relato, poesía, teatro, artigo xornalístico, etc.). Deste xeito, máis que falar dunha historia da filosofía sería máis

³ Agís Villaverde, M. *Crónica viva do pensamento galego*, Vigo: IGESCO, 2001, pp. 275-279. 2ª edición (revisada e ampliada), Vigo: Fundación Isla Couto, 2020, pp. 315-318.

⁴ Balañas Fernández, C. *Galicia de papel*, Santiago de Compostela: Coordenadas, 1991.

⁵ González Fernández, A. *Hamlet e a realidade cunqueiriana*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, 1995.



acaído referirse a unha historia das ideas, da que formarían parte todos aqueles autores que teñen contribuído ao debate de ideas filosóficas cun selo persoal, non especificamente filosófico atendendo aos seus xéneros e ao desenvolvemento conceptual. Esta é, por exemplo, a elección metodolóxica feita José Luis Abellán ao titular a súa monumental historia da filosofía española *Historia crítica do pensamento español*. Para el, o rótulo “historia do pensamento” é máis amplo e permite recompilar todas as actividades da intelixencia humana: manifestacións sociais, políticas, literarias, económicas, entre outras, ademais de propiciar a toma de conciencia sobre a importancia das ideas no seu contexto histórico-cultural. En palabras de José Luis Abellán:

«A Historia da Filosofía, en sentido tradicional, ten por obxecto o conxunto de concepcións e teorías que, con pretensión de conseguir verdades últimas para o home, elaboraron os filósofos e pensadores. Na Historia da Ideas, en cambio, estas estúdanse como un dos instrumentos – quizais o máis importante – que o home utiliza na súa loita pola vida e nas súas necesidades vitais de adaptación ao medio.»⁶

Algo que deu lugar a que o historiador da filosofía e o historiador das ideas atopen un fondo común de ideas filosóficas nun caso e noutro, coa única diferenza de que no caso destas últimas non atoparemos o aspecto máis teórico e abstracto das ideas expresadas dentro da ortodoxia académica ou creativa da ideación filosófica. Moitos autores refugaron explicitamente a rixida formalidade filosófica, expresada en tratados tradicionais e co uso especializado da linguaxe, traducida en conceptos consagrados pola tradición, para facer presentacións máis lizgairas das ideas. Este foi o caso, de Álvaro Cunqueiro e tamén de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, evocado por Cunqueiro como referente desta formulación menos abstracta do pensar. Porén, como axiña veremos hai na obra do autor mindoniense un tratamento orixinal e persoal de ideas filosófico-metafísicas, só que expresadas cun espírito de ocasionalidade que non empregaría un filósofo de oficio ou un académico. Cunqueiro expresa con *modestia* as súas conviccións sobre o home, sobre o ser, sobre o mundo, sobre o devir e o porvir. Faino co desexo de ofrecer un *testemuño* persoal sobre estes espiñentos asuntos que preocuparon a filosofía de todos os tempos, engadindo unha perspectiva *existencial* que non terían enmarcadas nunha no ámbito da metafísica tradicional porque este filosofar menos sistemático chama directamente ás portas da vida do home, do ser humano concreto, enfrontado á súa circunstancia, tomando agora prestada a célebre expresión

⁶ Abellán, J. L. *Historia crítica del pensamiento español*. Vol. I: *Metodología e Introducción Histórica*, Barcelona: Círculo de Lectores, 1992, p. 91.



acuñada por Ortega y Gasset nas súas *Meditaciones del Quijote* do ano 1914. Que Cunqueiro compartía as súas ideas envoltas a través desta modalidade discursiva non resta fondura filosófica nin valor ao que expresa: as ideas serán valiosas se o seu contido así o xustifica, con independencia do xénero literario, a linguaxe empregada e o medio no que aparecen publicadas. Mesmo poderíamos debater se esta maneira de compartir as ideas filosóficas que ten Cunqueiro non é unha alternativa a crise que ten sufrido a metafísica na contemporaneidade, para darlle unha nova oportunidade como disciplina. Os temas dos que se ocupa Cunqueiro, enmarcados no plano temático da pescuda metafísica, non esmoreceron porque responden razoablemente ao esforzo de atopar sentido a nosa existencia, tanto individual como colectiva.

A FILOSOFÍA E A VIDA

Cunqueiro non cre e mesmo se mofa, como tiña feito Castelao, da filosofía abstracta, desconectada da vida⁷. Foron varias as correntes filosóficas de finais do século XIX e principios do XX as que propugnaron o abandono da metafísica e da filosofía abstracta, desconectada da vida e da praxe. Tíñao feito a mediados do século XIX Karl Marx na décimo primeira das *Teses contra Feuerbach* ao defender que “Os filósofos non fixeron máis que interpretar o mundo de diversas maneiras, pero do que se trata é de transformalo”⁸, tese que reivindica unha filosofía orientada á praxe que compartirán en parte Castelao e Cunqueiro. Tamén o vitalismo de finais do século XIX, o existencialismo do século XX, ou en España o protoexistencialismo de Miguel de Unamuno ou raciovitalismo de Ortega y Gasset, que propugnaron unha filosofía máis pegada ao “home de carne e óso” (Unamuno), xunto coa necesidade de salvar a propia circunstancia (Ortega). Filosofías todas elas moi afastadas dos vellos modelos metafísicos.

A marca diferencial de Castelao e Cunqueiro era expresar o sentido desta filosofía vital, orientada á praxe, de maneira literaria e cunha carga irónica que os distingue dos filósofos académicos. Ao explicarnos a súa posición, Cunqueiro reivindica a figura do “barbeiro de sábado” que Castelao nos presenta en *Cousas* con trazos breves, talmente como se a súa prosa se axeitase neste caso ao estilo minimalista das súas caricaturas, un home que ademais de dedicarse ao seu ofi-

⁷ Tratei este asunto no traballo Agís Villaverde, M. “Castelao, educador”, en *Revista Galega do Ensino*, N° 30, 2001, pp. 77-94.

⁸ “Die Philosophen haben die Welt nur verschieden interpretiert, es kömmt drauf an, sie zu verändern”. Marx, K. *Thesen über Feuerbach*, Karl Marx und Friedrich Engels, Werke, Bd.3, Berlin 1978, en <https://www.marxists.org/deutsch/archiv/marx-engels/1845/thesen/thesfeue-or.htm> (consultado o 8/1/2025).



cio de barbeiro era un *profundador* profesional sobre temas insubstanciais, para chegar a resultados non menos etéreos⁹. Paga a pena ler como o expresa o autor mindoniense cando se dedica a matinar sobre a súa propia existencia:

«Eu non poido profundar – isa gran verba do barbeiro de sábado de Castela!, no choio, que non son antropólogo nin sociólogo, nin xiquer un folklorista comparatista, nin científico. Son un que anda entre istes nosos, e conta. Entre uns que pois che pregunto se os houbo e hai ou non, non sei ben se os houbo ou hai, e entón eu, nas miñas dúbidas, remato preguntándome – preguntándoches – se houbo ou hai – ou non – un Álvaro Cunqueiro. Como podería saber eu tento dites si non os houbo nin hai, senón non habendo sido, ou non sendo? (...) Cando teñas algo de vagar contéstame, que xa te decatás que ando un algo preocupado con este asunto... E si poido contar todo isto que case é de trasmundo quere decir que eu adoito a pasar tempadas fóra do mundo, esculcando? Esculcando o segredo do ser galego.»¹⁰

Desta maneira, cando Cunqueiro *esculca* non só dubida da súa propia existencia senón do mundo real, supoñendo que existe un trasmundo ou mundo fora do mundo no que, confesa, adoita pasar tempadas. Non pode profundar porque non é nin antropólogo nin sociólogo, senón que o seu coñecemento procede da sabedoría popular que adquire cando “anda entre istes nosos, e conta”. O mesmo que Homero é meramente o mediador da musa, invocada ao comezo das súas obras, para contar grandes xestas, Cunqueiro é a voz destas xentes nosas, de aquí e acolá, o cronista fiel dos feitos que acontecen a estes personaxes que pertencen ao trasmundo.

Engánanse os filósofos teóricos que só tentan explicar a realidade a través de conceptos abstractos pertencentes á lóxica da razón exacta, do logos, e para os que non existe máis mundo ca este. Ao escribir o capítulo dedicado a Álvaro Cunqueiro na miña *Crónica viva do pensamento galego* subliñei este aspecto. Dicía

⁹ “Era un barbeiro de sábado que amaba os libros que non entendía e gustaba de lelos todos enteiros. Unha vez topeino coa testa pousada nas mans, ó xeito dun pensador, e díxome: — Estou profundando. E dende entón, para min, hai homes que “profundan”. O tal barbeiro de sábado pasou pola vida cos sentidos revirados cara á súa iñorancia, traballando a carón dun compañeiro que tiña os sentidos abertos ó mundo. Ensumíase arreo dentro de si mesmo para “profundar” nos misterios da outra vida e sempre remataba laiándose: — Non podo “profundar” máis porque non sei latín. Un día pousou os ollos no mar —endexamais reparaba en cousas miúdas— e, dispois de ter “profundado” un bo retrinco de tempo, deitou na orella do seu compañeiro ista frase: — O mar, ¿sabes? O mar... ¡é un fenómeno!”, Castela, A. R. *Cousas*, en *Obras*, vol. 1, Vigo: Galaxia, 2006, 3ª ed., pp. 111-112.

¹⁰ Cunqueiro, Á. *Xente de aquí e de acolá*, Obra en galego completa, vol. III, Vigo: Galaxia, 1983, pp.152-153.



daquela que, para o noso escritor, “a realidade ten milleiros de caras e algunha delas só a poden explicar os narradores que coma Cunqueiro sabían mergullarse no mundo da fantasía para presentar ese outro mundo que non é o convencional”¹¹. A súa non é unha filosofía de esencias, nin a realidade está feita de entes en si, senón que nela ocupan un papel sobranceiros a imaxinación e os soños. Atopamos un exemplo revelador na declaración que fai na súa obra *Un home que se parecía a Orestes*. De maneira taxativa escribe Cunqueiro nunha pasaxe deste libro que “A filosofía non consiste en saber se son máis reais as mazás dese labrego ou as que eu soño, senón en saber cal das dúas ten máis doce arrecendo”¹².

Esta defensa da imaxinación e do soño para coñecer a realidade está directamente relacionada co medio elixido para transmitila: o relato literario e moitas veces tamén a colaboración xornalística, desconcertando decote a un lector que debe decidir sobre o valor de verdade do que le. Por iso, Cunqueiro entende a Filosofía en íntima unión coa Literatura e cos mitos literarios que lle permiten construír mundos posibles, que existen aínda que lle chamemos fantásticos ou os denominemos mundo de ficción. Pronúnciase ao respecto nunha pasaxe da súa obra *Viajes imaginarios y reales*:

«Para la historia del pensamiento humano – para la historia de la filosofía – que o es la historia de los apetitos, sueños, nostalgias, inquisiciones y fantasmas del hombre o no es nada, tanto me ayuda Platón como *Amadís de Gaula*, tanto *Gargantúa y Pantagruel* como Hegel: recabo la parcela de verdad, de drama, que me conforma, y aún sobre la sabiduría decide la vida, que las más de las veces aprecia el esfuerzo de la caza sobre el valor de la pieza cobrada.»¹³

Este é outro aspecto que conecta a sensibilidade filosófica de Cunqueiro coa filosofía contemporánea, que lonxe de refugar o pensamento *literaturizado*, considera que a literatura (poesía, teatro, prosa), así como as figuras literarias e os tropos como a metáfora veñen en auxilio do escritor de filosofía que encara un desafío xigantesco: ter que traducir en palabras o pensamento sobre o real.

O SER E A REALIDADE

Mais ¿que entendemos por realidade? Para Cunqueiro hai realidades que son soños e soños que son realidades¹⁴. Un aspecto, por certo, que fará coincidir ple-

¹¹ Agís Villaverde, M. *Crónica viva do pensamento galego*, (2ª ed.), p. 316.

¹² Cunqueiro, Á. *Un hombre que se parecía a Orestes*, Barcelona: Destino, 1981, p. 101.

¹³ Cunqueiro, A. *Viajes imaginarios y reales*, Barcelona: Tusquets 1986, p. 287.

¹⁴ Cf. Agís, M. *Crónica viva do pensamento galego*, p. 353.



namente a Cunqueiro con Calderón de la Barca de *La vida es sueño*. Polo que a primeira consecuencia é a dúbida xeneralizada sobre o real. A segunda é a de incorporar dentro dela o mundo da imaxinación, da fantasía e dos soños. Explicao o autor na Carta, incorporada á edición, que o autor envía a Domingo García-Sabell cando está a ordenar e preparar para o prelo o seu libro *Xente de Aquí e de Acolá*:

«Pois ben, eu podería dicirche que viña de estar con istes, dos que conto nas páxinas que siguen. Agora ben, houbo istes, hainos? Podería alguén contestar, súpito, que non os houbo nin os hai, xa que eu tireinos do meu maxín. E o tal daría por sentenciado o pleito, pro coído que ti non, e eu tampouco...»¹⁵

¿Cal é a verdadeira realidade? ¿A da lóxica racional ou a que nos axuda a vivir e pensar o mundo, aínda que forme parte da ficción, da literatura? Este é un tema de reflexión tradicional cando falamos da verdade da literatura ou mesmo da verdade da metáfora, empregada como recurso para expresión do pensamento.

No seu ensaio *La verdad de las mentiras*, o premio Nobel de Literatura Mario Vargas Llosa explícanos por que, desde do seu punto de vista, cremos no relato dunha novela, aínda sabendo que se trata dunha obra de ficción. Segundo este autor, entramos conscientemente nese xogo que nos propón o autor e entregámonos ao fío dos acontecementos como se fose verdadeiro porque lendo ampliamos as posibilidades de experiencia do que é a nosa vida e a nosa identidade e, por riba, podemos instalarnos noutros mundo anhelados ou soñados. “Los hombres – escribe Vargas Llosa – no están contentos con su suerte y casi todos – ... – quisieran una vida distinta de la que viven. Para aplacar – tramposamente – ese apetito nacieron las ficciones”¹⁶.

Por outra banda, a ficción literaria e os soños poden chegar a ser tan reais como aqueloutra realidade lóxico-racional. Cunqueiro remove as nosas seguranzas metafísica sobre o real ao presentarnos casos tan abraiantes como o que lle acontece a Felipe de Lomba:

«Felipe de Lomba que soñaba cun galo que lle peteiraba no ollo valeiro que lle vaileirara un ourizo que lle caeu nil. Finouse, porque non podía resistir aquela dor.

Isas peteiradas, vólvenme tolo!

Pro si non as hai, Felipe! se as soñas!

O caso é que dóenme»¹⁷

¹⁵ Cunqueiro, Á. *Xente de aquí e acolá*, p. 151.

¹⁶ Vargas Llosa, M. *La verdad de las mentiras*, Barcelona: Círculo de Lectores, 1990, p. 14.

¹⁷ Cunqueiro, Á. *Xente de aquí e de acolá*, p. 299.



Cunqueiro consegue con naturalidade derrubar fronteiras entre o imaxinario e o real, introducindo ao lector nese xogo de espellos que nos fai dubidar onde cadra a verdadeira realidade. O autor sabe mesturar elementos tomados da realidade con elementos fantásticos ou imaxinativos con tal maestría que resulta difícil distinguir onde termina o real e onde comeza a ficción. Nun dos relatos, por exemplo, fálanos do caso dunha señora americana que soñaba cun elefante que a levaba a pasear polo aire e un día petaron a porta e era un elefante que se escapou dun circo e paseaba pacificamente polo barrio e ela comprobou que era o elefante dos seus soños (*Ibidem*, p. 298). É como se incluía un relato dentro do outro: o do elefante dos soños co que escapou do circo. O lector preguntábase: ¿é real este segundo? ¿a aparición do segundo demostra que o primeiro era real?

O fenómeno de xogar a confundir a realidade coa ficción non é novo. Don Quixote vólvese tolo porque cre que as historias que leu nos libros de cabalería son certas e el quere ser un cabaleiro andante a semellanza dos heroes que protagonizaban aquelas novelas de cabalería. Cunqueiro xoga a retorcer esa liña tan feble ás veces entre fantasía e realidade empregando unha técnica narrativa que consiste en describir aos personaxes cunha gran cantidade de detalles cribles. Por exemplo, cando nos conta o relato da devandita señora de Chicago que soñaba con elefantes dinos que cando esperta porque chaman a porta manda ao marido que vaia a abrir e é entón cando se decata de que se trata do elefante dos seus soños. Xa non é unha elucubración súa ou un soño porque hai un terceiro, o seu home, que é unha testemuña imparcial. Ou a caracterización do vello Simbad, que malia as súas historias fantásticas é presentado como un vello mariñeiro galego, a través de pequenos detalles que nos falan del¹⁸.

Estamos afeitos a movernos na realidade empírica, regulada polo sentido común e pola lóxica e esquecemos que a nosa realidade depende dos relatos que nós mesmos creamos ou que outros crean. Cunqueiro aprovéitase dese punto feble da nosa construción do mundo para crear unha realidade alternativa, verosímil, ofrecendo unha mancha de mundos posibles e moi cribles porque el encárgase de presentarnos personaxes verosímiles, narrados nunha linguaxe sinxela, que pasean por Mondoñedo, pola Terra Chá, polas Terras de Miranda ou por outros lugares coñecidos.

Ademais desta técnica, pensada confundir a realidade coa ficción, emprega outras como a de apoiarse en personaxes e acontecementos históricos ou mitolóxicos que aplica á construción dunha realidade alternativa. Un exemplo é a trama da súa novela *Merlín e familia*, localizada nalgún lugar próximo á Terra

¹⁸ Cunqueiro, Á. *Si o vello Simbad volvese ás illas*, Obra en Galego Completa, vol. II, 1991, 2ª ed., p. 305.



de Miranda, próximo a Mondoñedo, onde o criado do mago Merlín (Felipe de Amancia) lembra na súa vellez as historia que viviu co seu señor, contadas con gran luxo de detalles pertencentes a outras épocas e realidades históricas. O profesor José Luis Varela Iglesias describe este técnica empregada polo autor mindoniense do seguinte xeito: “Cunqueiro partía, pois, dun nome orlado de prestixio cultural e de tradición; a súa trasnada imaxinativa urdía a partir de aquí incidentes inverosímiles, e a transfiguración maravillosa adoitaba dispoñer dun subsolo etnolóxico que en moitos casos servía como mero antecedente metodolóxico”¹⁹.

Xa que logo, non sempre inventa personaxes. Moitas veces tómaos prestados da literatura clásica ou da historia e tráeos a Galicia para convertelos nos nosos paisanos. A estes personaxes dálle unha nova identidade: aos santos atribúelles novas milagres, un vello patrucio fala cun cabalo, unha muller pon ovos. O lector que está acomodado na lectura a través do pacto implícito co autor, comeza a revirarse: as historias son demasiado fantásticas, son imposibles, pero véncelo o humor e a imaxinación desbordante de Cunqueiro e decide seguir lendo ata o final, aceptando sen condicións estas identidades absurdas pero verosímiles que poñen en dúbida a propia identidade do lector e do autor.

O mundo real, convenientemente adobado pola imaxinación, era a outra cara da realidade que nos amosaba Cunqueiro nas súas creacións literarias, celme da súa metafísica poética, onde deconstrúe ou desintegra as coordenadas convencionais da realidade engadindo elementos imaxinativos, fantásticos, mitolóxicos, para amosarnos como detrás da realidade aparente existe outra, se cadra tan verdadeira como a primeira. Xoán González Millán fala dunha “poética desintegradora” en Cunqueiro que describe nos seguintes termos:

«A incorporación da dimensión fantástica (...) é un dos elementos básicos sobre os que opera Cunqueiro para fundamenta-la súa poética desintegradora. Por un lado, esta modalidade discursiva tende a identifica-la dimensión diexética do texto en que funciona; ...Por outro, o seu sistema de codificación está baseado na subversión (é dicir, desintegración) de determinadas interpretación da realidade.»²⁰

O autor mindoniense non sitúa endexamais ao lector na tesitura de ter que decidir que cara da realidade, ou interpretación da mesma, lle convence máis. A habelencia de Cunqueiro consiste en integrar de xeito tan harmónico fantasía e

¹⁹ Varela Iglesias, J. L. *Tradición e innovación en Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, 1996, p. 33.

²⁰ González Millán, X. *Fantasia e desintegración na narrativa de Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, 1996, pp. 32-33.



realidade que aceptamos ese mundo alternativo que nos amosa perfíles metafísicos que sempre nos fan pensar a base de desmontar as nosas seguranzas sobre o real. A metafísica poética de Cunqueiro resúmese neste proceso continuo de deconstrución e creación do real a través da incorporación do elemento fantástico que repousa na potencia creadora da imaxinación. Neste sentido escribe Cunqueiro que

«A imaxinación, ben lonxe de ser esa “puissance d’erreur” enunciada por Pascal e ollada con desconfianza por todo o racionalismo clásico, é o fenómeno necesario de tódalas formas superiores de actividade creadora: a ciencia que explica o mundo ou a técnica que o transforma, o discurso do filósofo, a táboa do pintor, a fábula do poeta ou do novelista. Lonxe de ser estéril, ela é, como decía Bachelard, esencialmente “oeuvrante”, sementa a alma de emocións, de imaxes e de símbolos que reforzan o vigor do seu “élan” hacia a beleza e a verdade.»²¹

Quedémonos pois con esta idea: a fantasía, a través da imaxinación, non só explica o mundo, senón que o transforma, logrando un impulso ou “élan” en terminoloxía de Bergson, cara a beleza e á verdade. Esta é tamén unha das características do *mito* que unhas liñas antes tiña reivindicado como modelo fundamental da imaxinación creadora, citando neste caso a Campbell, Mircea Eliade e Vicente Risco (*Ibidem*, p. 13).

Tense debatido se esta realidade fantástica de Cunqueiro está emparentada co realismo máxico que con absoluta mestría construíron na narrativa hispanoamericana de mediados do século XX para diante Juan Rulfo, como pioneiro, ou Gabriel García Márquez, como expoñente por antonomasia, entre outros autores²². Non podo nin debo entrar nun aspecto que pertence aos especialistas nos estudos literarios, mais constato que todos estes autores, o mesmo que Cunqueiro, constrúen realidades alternativas a través de técnicas narrativas variadas nas que a imaxinación e a fantasía mestúranse coa outra realidade que veño denominando lóxico-racional, na que caben evocacións históricas, feitos e personaxes históricos, a carón de soños e ficcións literarias. A marca diferencial estaría, ao meu ver, na fidelidade á terra (xeográfica, humana, política, psicolóxica) en cada un destes

²¹ Cunqueiro, Á. “Imaxinación e creación. Notas para unha conferencia”, en *Obra en Galego Completa*, vol. IV Vigo: Galaxia, 1991, p. 14.

²² Menciono unicamente, a modo de exemplo, os traballos sobre o tema de Tarrío Varela, Anxo “Realidad y fantasía en la narrativa de Álvaro Cunqueiro”, en E. Morillas Ventura (ed.), *El relato fantástico en España e Hispanoamérica*, Madrid: Quinto Centenario, 1991, pp. 305-17; y el de Van Bommel A. “El realismo mágico en la narrativa de Álvaro Cunqueiro: *Merlín e familia*”, en Xunta de Galicia, Congreso Álvaro Cunqueiro. Santiago de Compostela, 1993, pp. 175-96.



autores: Galicia no caso de Cunqueiro; México no caso de Rulfo; ou Colombia, no caso de García Márquez.

O SER GALEGO

Agora ben, tratándose dun tema universal da filosofía e da metafísica como o ser ¿podemos adoptar unha perspectiva nacional e falar, especificamente no caso de Cunqueiro, do *ser galego*? O primeiro que cómpre subliñar é que esta cuestión preocupou a Álvaro Cunqueiro e deixounos algunha reflexión ao respecto, tentando dilucidar se existe unha maneira de ser galego, distinta ao modo de ser e de estar do mundo das xestes doutras nacionalidades. O que o autor mindoniense denomina o *segredo de ser galego* que busca pasando tempadas esculcando fóra do mundo, no que noutras ocasións chama o *trasmundo*:

«Eu quero saber si hai moita diferenza entre o vivo e o pintado, ou máis crar aínda: si estes de meu son ou non son galegos, e que é o que predicando do galego, si é que son dista nación... Quere dicir que hai neles – é a miña opinión – unha onza en cadaquén, do ser galego, e repartido entre toda esta xentiña está cáseque todo o andamiaxe do galego, están as súas varas de medir o mundo, as voltas do seu maxín, as reviravoltas dos seus soños e devezos, a súa calidade intelectual, o gosto da solpresa, a ironía que fai dun home, nun intre dado, un señor rei, e a humildade, e a sabrosura da perguiza, o adoecer do que non hai, e o morrer soio coa súa teima, e deixala en herdo, coma un tesouro inatopable... quere decir que eu adoito a pasar tempadas fóra do mundo, esculcando? Esculcando o segredo do ser galego.»²³

Deste xeito, formarían parte da estrutura íntima do *ser galego* aspectos como as “varas de medir o mundo”, a imaxinación, soños e devezos, a calidade intelectual, a sorpresa, a ironía, a humildade, a preguiza gozada ao estilo do que os italianos refiren como o *dolce far niente*, ou as matinacións sobre todas aquelas cousas que non son ou non hai, mais que decote nos rouban a conciencia.

Isto último remítenos de novo ao concepto de ser universal pero pensado agora desde esa nova clave, *galega* atrévome a dicir, pois a carón o ser existe o non ser, sen que iso supoña contradición algunha. Cunqueiro analiza a cuestión fundamental formulada polo mito literario do Hamlet de Shakespeare (“*to be, or not to be, that is the question*”), tentando demostrar a falacia desta disxuntiva clásica sobre o ser, fronte a súa propia fórmula: “ser e non ser, ao mesmo tempo”. Cunqueiro é consciente de que realiza un tratamento diferenciado da cuestión do ser, reinterpretando un mito clásico da literatura, que xustifica do seguinte xeito:

²³ Cunqueiro, Á. *Xente de aquí e de acolá*, p. 152.



“Axeito agora en Hamlet (...) as miñas teimas, comodamentes coma noutrora axeiteí no vello Merlín (...) o meu amor ás maxias e ao miragre. I esto vai ben así, ben me decato, porque eu creo nos mitos”²⁴.

Os mitos literarios teñen para Cunqueiro a capacidade de presentar as distintas facianas dun tema como non podería facelo un denso tratado metafísico. O que axuda a comprender por que entre o *mito* e o *logos* Cunqueiro decántese claramente polo mito, coa súa lóxica alternativa á lóxica racional, convencional. Non é unha posición absolutamente novidosa na historia do pensamento metafísico occidental pois Aristóteles deixou escrito que “o que ama os mitos é en certo modo filósofo, pois o mito componse de elementos marabillosos”²⁵. Ben é certo que Aristóteles escribe esta frase no marco da súa *Metafísica*, o primeiro e máis importante tratado que marcaría o devir da disciplina.

Outra disxuntiva clásica que Cunqueiro retorce é a que se establece entre a verdade e a falsidade, como valores que marcan os principios de identidade e non contradición da lóxica clásica, para optar por unha terceira vía que poderíamos denominar con Ricoeur a da “verdade metafórica”, recuperando neste caso outra vía aberta por Aristóteles, na *Poética*, ao defender que a poesía é máis filosófica ca historia porque non se limita a contar o visto e oído. “o historiador e o poeta non se diferencian por dicir as cousas en verso ou en prosa (...); a diferencia está en que un di o que sucedeu e, o outro, o que podería suceder. Por iso tamén a poesía é máis filosófica e elevada que a historia”²⁶. A poesía é unha porta aberta á creación (*poiesis*), coincidindo neste aspecto co pensamento filosófico máis creativo e innovador, fronte a historia que debe contar con fidelidade os feitos acaecidos, o visto e oído polo historiador. O relato de ficción agocha, polo tanto, unha verdade que Aristóteles denomina *verdade poética* e que seguiu presente ao longo da historia da literatura e do pensamento ata a contemporaneidade, onde é reivindicada por diversos autores, entre eles Álvaro Cunqueiro. O profesor Ángel González explica o seguinte xeito:

«Alí onde os gregos dixeron *poiesis*, os romanos dixeron *fictio*, (tamén na dobre dimensión de *facere* e de *finis*) resulta doado comprender que, máis alá da aparente *contradictio in terminis*, a aristotélica *verdade poética* non é outra que a *verdade da ficción*: a capacidade de facerse cargo da realidade,

²⁴ Cunqueiro, Á. *O incerto señor don Hamlet*, Obra en Galego Completa, vol. I, Vigo: Galaxia, 1991, pp. 187-188.

²⁵ Aristóteles *Metafísica*, 982b, ed. trilingüe de Valentín García Yebra, Madrid: Gredos, 1987 (2ª reimpr.), p.14-15.

²⁶ Aristóteles *Poética*, 1451b, ed. trilingüe de Valentín García Yebra, Gredos: Madrid, 1999 (3ª reimpr.), p. 158.



presente na ficción ensoñadora e novelante. Despois de todo, é claro que a ficción, en calquera caso, contraponse ao feito real (real convencional), e non, de ningún xeito, a verdade en sentido propio.»²⁷

Esta forza creativa é reivindicada por Cunqueiro como unha das potencias da alma, citando expresamente este termo grego. Para el, “a vocación do home é, en tódolos dominios e en tódolos sentidos, un ‘poiein’, unha creación onde concórron tódalas potencias da alma, a imaxinación tanto como a razón”²⁸.

Sobre este alicerce aséntase a reivindicación filosófica da metáfora que Ricoeur estuda en *La métaphore vive* (1975), onde incorpora o concepto de *verdade metafórica* que rubrica a dimensión gnoseolóxica desta figura da linguaxe, tradicionalmente estudada pola retórica dentro da tropoloxía. Consonte ao que evoca a etimoloxía do termo μεταφορά (de μεταφέρω, levar máis alá), a *verdade metafórica* é a proposta dun mundo aberto que nos leva sempre “máis alá” do inmediato, fronte á verdade lóxica que consiste en chegar a unha conclusión aplicando regras lóxicas a partir das premisas dun siloxismo, sen afastarse dos límites marcados pola coherencia lóxica. Por iso, Ricoeur falará da función “meta-” que comparten a metáfora e a metafísica levadas pola mesma ambición gnoseolóxica e filosófica.

Álvaro Cunqueiro non menciona expresamente a Ricoeur, pero si a Willbur Marschal Urban, autor dunha obra titulada *Langage and Reality*, publicada orixinalmente en 1939, e que Ricoeur manexa en *La métaphore vive* a través da súa terceira edición do ano 1961. O aspecto que recolle Cunqueiro desde filósofo da linguaxe norteamericano ten que ver coa capacidade da metáfora para transformar a realidade, deformándoa. Pois, segundo as súas palabras, “toda metáfora representa nun certo senso unha deformación da realidade, “xa que implica, di W. Urban Marshall (sic), a transferencia do nome dun obxecto ao que pertence a outro ao que non pertence. (...) Non embargantes, afirma Marshall, e precisamente por estas desviacións do real, é polo que verdadeiramente se declaran certos rostros da realidade que doutro xeito ficarían no escuro”²⁹. Velaí esa outra cara da realidade que constrúe Cunqueiro e a técnica na que se apoia para facelo.

A metafísica de Cunqueiro é unha *metafísica poética* ou metafórica, que se vale da literatura e dos seus principais mitos (Hamlet, Merlín, Simbad e as *Mil e unha noites*, etc. Mitos literarios universais, axeitados, iso si, ao contexto galego. Cunqueiro combina maxistralmente mito e realidade, o que da lugar a unha nova realidade, da que fai cómplice ao lector. Neste senso escribe Darío Villanueva:

²⁷ González Fernández, A. *Hamlet e a realidade cunqueiriana*, pp. 14-15.

²⁸ Cunqueiro, Á. “Imaxinación e creación. Notas para unha conferencia”, p. 16.

²⁹ Cunqueiro, Á. “Imaxinación e creación. Notas para unha conferencia”, p. 17.



...en toda a literatura de Cunqueiro, brilla especialmente unha capacidade de sincretismo cultural e estilístico que lle permite harmonizar o mito e a fantasía coa realidade, o reflexo radical das esenciais do seu mundo galego coas resonancias intertextuais da “materia” de Grecia (Orestes, Ulises), de Bretaña (Merlín), de *As mil e unha noites* (Simbad), ou da Italia renacentista.³⁰

Ademais dos mitos e tradicións literarias, comparecen nas obras literarias de Cunqueiro tradicións, lendas, sabedoría popular, relatos do alén, tanto occidentais como orientais. Benito Varela Jácome bosquexou unha ducia de entre as principais fontes imaxinativas de Cunqueiro:

FONTES OCCIDENTAIS	FONTES ORIENTAIS
<i>Mitoloxía céltiga</i> <i>“Materia de Bretaña”</i> <i>Raigame galega</i> <i>Lendas do pobo</i> <i>Mundo do alén</i>	Mitos gregos Mitoloxía oriental Fontes bíblicas Fontes árabes “As mil e unha noites” ³¹

Son estes resortes os que emprega Cunqueiro para crear unha nova realidade onde a fantasía e o mito se confunden, permitíndolle formular dun xeito novo a disxuntiva clásica sobre o ser, pasando do “ser ou non ser” do Hamlet de Shakespeare (e antes de Parménides: “o ser é e o non ser non é”) ao ser e non ser ao mesmo tempo que nos propón Cunqueiro. O novo dilema preséntanolo Cunqueiro en *O incerto señor don Hamlet*: “Pode un home, ao mesmo tempo, ser e non ser? ¿Cantos homes son precisos, no escuro, pra faguer na luz un soio home verdadeiro?”³². A resposta ofrécéa o autor un pouco máis adiante, na escena primeira de *O incerto señor don Hamlet*: “Un home é el mesmo, e asemade unha grea de homes” (*Ibidem*, p. 195).

O profesor Ángel González explica este aparente paradoxo de que un ser poida ser moitos ao mesmo tempo dicindo que “Ser moitos, mesmo entre si contrarios, é unha das máis caracterizadas formas de ser e non ser”³³. Cunqueiro defende que dentro de cada home hai moitas posibilidades de ser: unhas visibles e outras invisibles, unhas explícitas e outras implícitas, unhas en acto e outras en

³⁰ Villanueva, D. *O realismo maravilloso en Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, 1996, p. 15.

³¹ Varela Jácome, B. *Estratexias narrativas de Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, 1994, p. 10.

³² Cunqueiro, Á. *O incerto señor don Hamlet*, p. 187.

³³ González Fernández, A. *Hamlet e a realidade cunqueiriana*, p. 77.



potencia (Aristóteles), por iso un home é o ser e o non ser, ou máis exactamente: o ser e os seus non seres. Un aspecto que converte a súa narrativa nunha especie de xogo de monecas rusas que, aínda que aparentemente son unha soa, dentro teñen unha mancha delas que se van agochando unhas nas outras.

Cunqueiro refai ou recrea o mito Hamlet, completando o que quizais agochaba sen sabelo o orixinal. Neste sentido escribe: “Non refago, non modernizo, nin dilucido o mito Hamlet. Conto, por dedentro, unha historia que quizaves acontecéu”³⁴. O procedemento para a construción narrativa do ser que realiza o autor lembramos a cuestión da identidade é narrativa formulada por Paul Ricoeur.

¿En que consiste esta identidade narrativa? Tanto se se trata dunha persoa individual como dunha comunidade histórica, a devandita identidade, obtida a través do relato, é o punto de unión que une o relato histórico e o relato de ficción. O mesmo que unha personaxe literaria se constrúe cunha serie de elementos que o escritor vai encadeando para amosarnos a súa personalidade, forma de actuar, etc., unha personaxe histórica ou incluso unha comunidade, constrúe un relato sobre a súa identidade. Non vou entrar a dilucidar se existe un só relato posible sobre unha comunidade determinada. É moi probable que, da mesma maneira que cada historiador constrúe o seu propio relato dun mesmo feito ou dunha época histórica, tamén existan varias posibilidades da identidade narrativa dun pobo ou dun individuo. O importante é que a identidade dun individuo ou dunha comunidade equivale a responder á pregunta: quen é? Como é esta persoa? Unha resposta tan sinxela como insatisfactoria consiste en designar ao axente, ao autor, ao suxeito que fala ou ao suxeito da imputación moral, cun nome propio. Podemos identificarnos cun nome, mais o nome propio remite, á súa vez, a outro soporte de permanencia que é a nosa identidade narrativa, que incorpora moitos máis elementos. Desta forma, para responder á cuestión do “quen?” hai que narrar a historia dunha vida. Isto converteuse nalgo tan importante que os antropólogos incorporaron no método etnográfico para estudar unha cultura as historias de vida, seleccionando ás veces distintos protagonistas para que conten unha historia de vida que lles permita reconstruír as coordenadas de vida dunha cultura: personaxes relevantes, tradicións da tribo, ritos, etc.

Iso é a vida tamén para Cunqueiro: unha identidade construída narrativa-mente. Ese narrador somos nós mesmos, desde logo, pero éo tamén o escritor que fabula, que soña que constrúe mundos e personaxes imposibles porque saca deles todo o que levan dentro. Por iso, opina Ricoeur, unha vida é sempre “un relato en busca dun narrador”³⁵.

³⁴ Cunqueiro, A. *O incerto señor don Hamlet*, p. 188.

³⁵ Ricoeur, P. “La vida: un relato en busca de narrador”, en *Ágora: Papeles de Filosofía*, nº 25, 2006, pp. 9-22.



CONCLUSIÓN

Cunqueiro é ese narrador que constrúe historias de vida, posibles ou imposibles, aplicando esa lóxica alternativa que poderíamos resumir dicindo que todo o que existe no mundo da imaxinación ou dos soños comparte a realidade con aquelas cousas e seres que existen na realidade convencional, rexida pola outra lóxica racional. Os relatos, as historias de ficción, crean mundos tan reais como o mundo que vemos cos nosos sentidos. A única condición, xa que logo, é a de non perder a capacidade de imaxinar como ferramenta para construír unha historia, un relato, esa outra cara da realidade que adoitan amosar os pintores cubistas nos seus lenzos para que poidamos ver, cos ollos da imaxinación, o que a realidade agocha.

Por iso Cunqueiro é, con todo dereito, o autor dunha *metafísica poética* onde a realidade, como acontece nos cadros cubistas, amósase a través de moitas facianas, onde o ser pode ser e non ser ao mesmo tempo, e onde fan falta, en fin, moitos homes para facer, no escuro, un so home verdadeiro, pois tamén a identidade é dinámica e complexa.

Ninguén espere atopar na metafísica poética de Cunqueiro un desenvolvemento ontolóxico no senso tradicional que lle dan os filósofos desde Aristóteles. Esa metafísica poética que constrúe Cunqueiro, cando pregunta polo ser, ten como horizonte a existencia humana. “Existir ou non existir, este é o problema”³⁶, escribirá Cunqueiro nun artigo da serie “El envés”, publicado no Faro de Vigo (20/3/1965), mudando neste caso a tradución habitual da sentencia de Hamlet.

Que esa existencia pertenza ao mundo dos vivos ou dos mortos, da realidade ou da ficción, da vixilia ou dos soños, ten importancia menor se a historia está ben trabada, porque un home pode ser no escuro unha grea de homes, para chegar a ser un home verdadeiro, pode ser e non ser ao mesmo tempo, tirando do fío da fantasía, da imaxinación ou dos soños, que grazas a el sabemos poden ser tan reais ou máis que a vida mesma.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- Abellán, J. L. *Historia crítica del pensamiento español. Vol. I: Metodología e Introducción Histórica*, Barcelona: Círculo de Lectores, 1992.
- Agís Villaverde, M. *Crónica viva do pensamento galego*, 2ª ed. revisada e ampliada, Vigo: Fundación Isla Couto, 2020.
- Agís Villaverde, M. “Castelao, educador”, en *Revista Galega do Ensino*, Nº 30, 2001, pp. 77-94.
- Aristóteles *Metafísica*, ed. trilingüe de Valentín García Yebra, Madrid: Gredos, 1987 (2ª reimpr.).
- Aristóteles *Poética*, ed. trilingüe de Valentín García Yebra, Madrid, 1999 (3ª reimpr.).
- Baliñas Fernández, C. *Galicia de papel*, Santiago de Compostela: Coordenadas, 1991.
- Castelao, A. R. *Cousas*, en *Obras*, vol. 1, Vigo: Galaxia, 2006, 3ª ed.

³⁶ Cunqueiro, Á. *Los otros caminos*, selección de César Antonio Molina, Barcelona: Tusquets, 1988, p. 338.



- Cunqueiro, Á. *Los otros caminos*, selección de César Antonio Molina, Barcelona: Tusquets, 1988.
- Cunqueiro, Á. *Un hombre que se parecía a Orestes*, Barcelona: Destino, 1981.
- Cunqueiro, A. *Viajes imaginarios y reales*, Barcelona: Tusquets 1986.
- Cunqueiro, Á. *O incerto señor don Hamlet*, Obra en Galego Completa, vol. I, Vigo: Galaxia, 1991.
- Cunqueiro, Á. *Si o vello Simbad volvese ás illas*, Obra en Galego Completa, vol. II, 1991.
- Cunqueiro, Á. *Xente de aquí e de acolá*, Obra en Galego Completa, vol. III, Vigo: Galaxia, 1983.
- Cunqueiro, Á. “Imaxinación e creación. Notas para unha conferencia”, en Obra en Galego Completa, vol. IV Vigo: Galaxia, 1991.
- García Canido, X. L. (comisario): *Álvaro Cunqueiro (1911-1981)*, Exposición no Círculo de Bellas Artes de Madrid, Vigo: Servicio de Publicacións da Deputación de Pontevedra, 2003.
- González Fernández, A. *Hamlet e a realidade cunqueiriana*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, 1995.
- González Millán, X. *Fantasia e desintegración na narrativa de Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, 1996.
- Marx, K. *Thesen über Feuerbach*, Karl Marx und Friedrich Engels, Werke, Bd.3, Berlin 1978, en <https://www.marxists.org/deutsch/archiv/marx-engels/1845/thesen/thesfeue-or.htm> (consultado o 8/1/2025).
- Millán González-Pardo, I. *Lembranza e comentario de Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, 1994.
- Ricoeur, P. “La vida: un relato en busca de narrador”, en *Ágora: Papeles de Filosofía*, nº 25, 2006, pp. 9-22.
- Tarrío Varela, Anxo “Realidad y fantasía en la narrativa de Álvaro Cunqueiro”, en E. Morillas Ventura (ed.), *El relato fantástico en España e Hispanoamérica*, Madrid: Quinto Centenario, 1991, pp. 305-17
- Varela Iglesias, J. L. *Tradición e innovación en Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, 1996.
- Van Bommel A. “El realismo mágico en la narrativa de Álvaro Cunqueiro: *Merlín e familia*”, en Xunta de Galicia, Congreso Álvaro Cunqueiro. Santiago de Compostela, 1993, pp. 175-96.
- Varela Jácome, B. *Estratexias narrativas de Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, 1994.
- Vargas Llosa, M. *La verdad de las mentiras*, Barcelona: Círculo de Lectores, 1990.
- Villanueva, D. *O realismo maravilloso en Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, 1996.

